

## TAREFA 1: "A RODA CROMÁTICA".



**MESTRA: OLALLA (Apoio EI)**

**ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS:**

**ÁMBITO CLUB DE LETRAS**

**CONTEXTO: 4º, 5º e 6º de educación infantil**

**CURSO: 2021/2022**

ÁMBITO CLUB DE LETRAS

1. IDENTIFICACIÓN			
TAREFA 1 : "A RODA CROMÁTICA"			
ETAPA	EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEIS	4º, 5º E 6º INFANTIL
ÁREA/S	ENFOQUE GLOBALIZADO	MESTRAS	OLALLA, BELÉN, JOANA, CRIS
2. DESCRICIÓN DA TAREFA			
<p>Durante esta tarefa xogaremos coas cores primarias, descubriendo así como con esas tres podemos xerar novas. Contaremos co reto de completar a roda cromática tras un proceso de investigación baseado na experimentación. Contamos con dous <b>PRODUTOS FINAIS RELEVANTES</b> da tarefa. En primeiro lugar a creación dun programa de radio quincenal no que contamos o sucedido na nosa sección de ARTS, e que se completará coas seccións das demais</p>			



tarefas do club de letras da escola. Está ubicado dentro da nosa radio escolar "A voz de Atenea". O segundo PRODUTO FINAL RELEVANTE será a creación dunha revista trimestral do club de letras, onde se recollan artigos de cada unha das tarefas nos grupos.

### 3. XUSTIFICACIÓN DA TAREFA

Nesta tarefa globalizada, implicaranse as tres áreas de Educación Infantil. O ODS 4 Educación de Calidade, trata sobre a importancia de ofrecer unha educación de calidade a todo o alumnado, ofrecendo as mesmas oportunidades a todxs. Durante esta tarefa todo o alumnado porá en mans da sociedade o seu produto final relevante, o programa de radio e a revista, que axudarán a que a información chegue máis alá dos muros da escola.

### 4. CONTEXTO

Aulas de 3 anos, 4 anos e 5 anos

5. ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACIÓN 1	INDICADOR AVALIACIÓN 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3
<p><b>1. MOTIVACIÓN INICIAL.</b> Nun círculo comezaremos co visionado do vídeo de presentación do club de letras <a href="https://www.youtube.com/watch?v=5MYZqTIRaRU">https://www.youtube.com/watch?v=5MYZqTIRaRU</a></p> <p>Despois, faremos un círculo para falar sobre a imaxe que aparece na sección de Arts e responderemos á pregunta: <i>Cal é a túa cor favorita?</i> (3,4 e 5 anos)</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>	
<p><b>2. LECTURA DO CONTO</b></p> <p>Lemos o conto "Colores" de Hervé Tullet.</p> <p>Despois facemos a rutina de pensamento "<i>que pasaría se..?</i>"</p>	<p>Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...</p>	<p>Formula hipóteses e contrástaas coas das outras persoas antes de pasar á realización</p>	<p>Gústalle mirar e "ler" libros autonomamente.</p>

Despois consultaremos contos da biblioteca para obter máis información.			
<b>3. XOGAMOS COAS CORES.</b> Experimentaremos coas cores de diferentes maneiras.	Identifica as cores.	Mestura as cores.	
<b>4. AS CORES EN INGLÉS.</b> Tamén o faremos en inglés coa axuda da auxiliar de conversa.	Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.		
<b>5. AS CORES PRIMARIAS E SECUNDARIAS</b> Coñecemos as familias de cores primarias e secundarias. (4 e 5 anos)	Identifica as cores.	Mestura as cores.	

<p><b>6. FACÉMONOS EXPERTXS</b></p> <p>En primeiro lugar facemos un experimento con auga, aceite e colorantes. Tamén completaremos o círculo cromático.</p>	<p>Extrae conclusións.</p>	<p>Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual.</p>	
<p><b>7. GRAVAMOS!</b></p> <p>Pensamos na secuencia de actividades que fixemos ata agora e utilizamos o panel secuenciador para axudarnos.</p>	<p>Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	
<p><b>ACTIVIDADES</b></p>	<p><b>PASO 1</b></p>	<p><b>PASO 2</b></p>	<p><b>PASO 3</b></p>
<p><b>1. MOTIVACIÓN INICIAL.</b></p>	<p><b>1.1. Visionado do vídeo</b> de presentación do Club de Letras.  <a href="https://www.youtube.com/watch?v=5MYZqTIRaRU">https://www.youtube.com/watch?v=5MYZqTIRaRU</a>          Incidindo na sección de Infantil con Arts. Neste caso utilizaremos a imaxe da sección para xerar</p>	<p><b>1.2. Círculo.</b> Responderán á pregunta <i>Cal é a túa cor favorita?</i> Utilizaremos un obxecto da palabra para axudar a respectar as quendas.</p>	

	unha conversa sobre o que ven en la mesma.		
<b>2. LECTURA DO CONTO</b>	<b>2.1. Lemos o conto</b> <i>Colores</i> de Hervé Tullet. Faremos así un achegamento de maneira lúdica á mestura e creación de novas cores.	<b>2.2. Que pasaría se...?</b> A partir da lectura do conto, lanzamos a pregunta que pasaría se mesturamos as cores? Tomaremos nota das respostas que saian voluntariamente.	<b>2.3. Consultamos libros da biblioteca.</b> Contaremos con 3 libros de consulta que teñen como temática as cores para ver que cousas son de cada cor na natureza, que cores hai, cantas tonalidades existen dentro de cada cor...
<b>3. XOGAMOS COAS CORES</b>	<b>3.1. Con pincel</b> mesturarán nas mesas 2 cores primarias. Antes de comezar a pintar farán a hipótese sobre que cor cren que aparecerá ao mesturar, como no conto de Tullet. Ao finalizar comprobaremos se as hipóteses eran certas.		

<p><b>4. AS CORES EN INGLÉS</b></p>	<p><b>4.1. As cores en inglés.</b> Coa axuda da auxiliar de conversa aprenderemos as cores en inglés. A través de retomar as mesturas que fixemos cos pinceis, falaremos sobre as cores que usamos e nos saíron en inglés (primarias e secundarias)</p>	<p><b>4.2. Gravamos caixas.</b> Utilizaremos as caixas gravadoras para asentar os coñecementos sobre as cores en inglés. En primeiro lugar gravaremos entre todos os nomes das cores a modo de repaso.</p>	<p><b>4.3. Buscamos o oso...</b> Unha vez gravadas as caixas, xogaremos a conseguir na aula un osiño da cor que digamos as profes e a gardalo na caixa correspondente. Antes de metelo na caixa a consigna será dicir de que cor é en inglés.</p>
<p><b>5. AS CORES PRIMARIAS E SECUNDARIAS</b></p>	<p><b>5.1. Familias de osos.</b> Unha vez atopados todos os osiños, formaremos coa axuda duns soportes, as familias de osos: pensando que osos precisamos para formar cada cor secundaria (4 e 5 anos)</p>	<p><b>5.2. Pintamos coas mans</b> Tras este achegamento ás cores primarias e secundarias, cubriremos un soporte no que plasmaremos as mans, en primeiro lugar cunha cor primaria en cada unha e despois unha vez frotadas as mans para crear a cor secundaria. (3, 4 e 5)</p>	



<p><b>6. FACÉMONOS EXPERTXS</b></p>	<p><b>6.1. Reto do círculo cromático</b> Presentamos o círculo cromático ao alumnado. Establecemos así a relación entre as cores primarias e secundarias, tendo en conta o traballo anterior coas familias de cores.</p>	<p><b>6.2. Experimento botellas de cores</b> Faremos un experimento utilizando auga e aceite que tinguiremos coas cores primarias. Ao axitar as botellas, os líquidos, que previamente estaban separados pola densidade, mestúranse e dan lugar á cor secundaria. Pegaremos o tapón con silicona por seguridade.</p> <p><b>6.3. Xogos en mesa con cores</b> Mentres facemos o experimento por equipos, o alumnado traballará en mesa con diferentes xogos relacionados coas cores (puzles, xogos de atención, libros de consulta...)</p>	<p><b>6.4. Identificamos a cor da nosa botella coas táboas de cor Montessori.</b> Ao ter as botellas acabadas, buscaremos a cor que nos saiu nas táboas de cor de Montessori. Falaremos entón de que dentro dunha cor pode haber diferentes tonalidades, dependendo da cantidade que mesturemos de cada cor.</p>
-------------------------------------	--	--	--

<p><b>7. GRAVAMOS!</b></p>	<p><b>7.1. Retomamos o experimento</b></p> <p>Utilizaremos un soporte para plasmar os elementos que precisamos para facer o experimento e o resultado final. Daremos opción a debuxar ou recortar e pegar. (4 e 5 anos)</p>	<p><b>7.2. Gravamos a secuencia</b></p> <p>Gravamos no secuenciador parlante a secuencia para poder gravar o contido para o programa de radio.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– 3 anos: resumo xeral de todo o feito.</li> <li>– 4 anos: paso a paso do experimento</li> <li>– 5 anos: as cores primarias e secundarias</li> </ul> <p><b>7.3. Xogo de psicomotricidade en inglés</b></p> <p>Coa axuda de círculos grandes das cores traballadas xogaremos a buscar a cor que dicimos en inglés e poñer a man cando a música pare.</p>	<p><b>7.4. Coloreamos o círculo cromático</b></p> <p>Retomamos o reto do círculo cromático. Completámolo pintando e chegando a acordos sobre que cores ocupan cada lugar, xa que as cores secundarias están formadas polas súas "veciñas".</p> <p><b>7.5. Gañamos as medallas</b></p> <p>Como resultado do traballo realizado e das aprendizaxes, gañarán unha medalla que os proclama <b>expertxs en cores.</b></p>
----------------------------	---	---	--

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
<b>1. MOTIVACIÓN INICIAL.</b> <b>1.1. Visionado do vídeo</b> de presentación do Club de Letras.	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tablet</li> <li>- Proyector</li> <li>- Vídeo</li> </ul>	<b>MARTES</b> 9.15 a 9.20
<b>1.2. Círculo.</b> Responderán á pregunta <i>Cal é a túa cor favorita?</i>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	- Pelota obxecto da palabra	<b>MARTES</b> 9.20 a 9.40
<b>2. LECTURA DO CONTO</b> <b>2.1. Lemos o conto</b> <i>Colores</i> de Hervé Tullet.	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	- Conto "colores" de Hervé Tullet	<b>MARTES</b> 9.40 a 10.00
<b>2.2. Que pasaría se...?</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	- Obxecto da palabra	<b>MARTES</b> 10.00 a 10.05

<b>2.3. Consultamos libros da biblioteca.</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	- Libros biblioteca	<b>MARTES</b> 10.05 a 10.15
<b>3. XOGAMOS COAS CORES</b> <b>3.1. Con pincel</b> mesturarán nas mesas 2 cores primarias.	Aulas de 3 4 e 5 anos	INDIVIDUAL	- Pintura acrílica - Pinceis - Follas A3	<b>MARTES</b> 10.15 a 10.40
<b>4. AS CORES EN INGLÉS</b> <b>4.1. As cores en inglés.</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	- Debuxos pinceis	<b>XOVES</b> 9.15 a 9.30
<b>4.2. Gravamos caixas.</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	- Caixas gravadoras	<b>XOVES</b> 9.30 a 9.50

<p><b>4.3. Buscamos o oso...</b></p>	<p>Aulas de 3 4 e 5 anos</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Osos de cores</li> <li>- Caixas gravadoras</li> </ul>	<p><b>XOVES</b> 9.50 a 10.00</p>
<p><b>5. AS CORES PRIMARIAS E SECUNDARIAS</b> <b>5.1. Familias de osos.</b></p>	<p>Aulas de 4 e 5 anos</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Osos de cores</li> <li>- Soportes mesturas</li> </ul>	<p><b>XOVES</b> 10.00 a 10.15</p>
<p><b>5.2. Pintamos coas mans</b></p>	<p>Aulas de 3 4 e 5 anos</p>	<p>INDIVIDUAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Soporte "mixing colours"</li> </ul>	<p><b>XOVES</b> 10.15 a 10.40</p>
<p><b>6. FACÉMONOS EXPERTXS</b> <b>6.1. Reto do círculo cromático</b></p>	<p>Aulas de 3 4 e 5 anos</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Soporte círculo cromático</li> </ul>	<p><b>MARTES</b> 9.15 a 9.30</p>

<p><b>6.2. Experimento botellas de cores</b></p>	<p>Aulas de 3 4 e 5 anos</p>	<p>PEQUENO GRUPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Botellas</li> <li>- Aceite</li> <li>- Auga</li> <li>- Colorante</li> <li>- Xerras e funís</li> <li>- Silicona quente</li> </ul>	<p><b>MARTES</b> 9.30 a 10.15</p>
<p><b>6.3. Xogos en mesa con cores</b></p>	<p>Aulas de 3 4 e 5 anos</p>	<p>PEQUENO GRUPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xogos de creación propia</li> <li>- Libros de consulta</li> </ul>	<p><b>MARTES</b> 9.30 a 10.30</p>
<p><b>6.4. Identificamos a cor da nosa botella coas táboas de cor Montessori.</b></p>	<p>Aulas de 3 4 e 5 anos</p>	<p>PEQUENO GRUPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Táboas montessori</li> <li>- Botellas experimentos</li> </ul>	<p><b>MARTES</b> 10.30 a 10.40</p>
<p><b>7. GRAVAMOS!</b> <b>7.1. Retomamos o experimento</b></p>	<p>Aulas de 4 e 5 anos</p>	<p>INDIVIDUAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Soporte experimento</li> </ul>	<p><b>XOVES</b> 9.15 a 9. 45</p>

<b>7.2. Gravamos a secuencia</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Secuenciador parlante</li> <li>- Fotos para as secuencias</li> <li>- Móbil para grabar</li> </ul>	<b>XOVES</b> 9.45 a 10.15
<b>7.3. Xogo de psicomotricidade en inglés</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Puntos de cores</li> </ul>	<b>XOVES</b> 10.15 a 10.25
<b>7.4. Coloreamos o círculo cromático</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Soporte círculo cromático</li> <li>- Pinturas</li> </ul>	<b>XOVES</b> 10.25 a 10.35
<b>7.5. Gañamos as medallas</b>	Aulas de 3 4 e 5 anos	GRAN GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medallas</li> </ul>	<b>XOVES</b> 10.35 a 10.40

## 6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO PARA CADA ALUMN@

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE	SEN DIFICULTADE	EN PROCESO	CON DIFICULTADE
- Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.			
- Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.			
- Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formula hipóteses e contrástaas coas das outras persoas antes de pasar á realización</li> <li>- Gústalle mirar e "ler" libros autonomamente.</li> </ul>			





- Identifica as cores.			
- Mestura as cores.			
- Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.			
- Extrae conclusións.			
- Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual.			
- Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.			

## AVALIACIÓN FINAL POR PARTE DA COORDINADORA DE ÁMBITO

A coordinadora tomará nota ao longo das sesións que se van a desenvolver coa posta en práctica da tarefa e realizará unha avaliación diaria da propia práctica docente. Utilizará o soporte DIXITAL que aparece no seguinte link:  
[https://docs.google.com/forms/u/1/d/1uZqc3JOM693CG2dpHZDB3ukWFjq1YpQRc\\_rWxwbXcHk/edit?usp=drive\\_web](https://docs.google.com/forms/u/1/d/1uZqc3JOM693CG2dpHZDB3ukWFjq1YpQRc_rWxwbXcHk/edit?usp=drive_web)

**PANEL SCRUM DÍA 1**

- MIRAMOS O VÍDEO DE PRESENTACIÓN DO CLUB DE LETRAS
- CÍRCULO: CAL É A TUA CON FAVORITA?
- LECTURA DO CONTO "COLORES" DE HERVÉ TULLET
- QUE PASARÍA SE...?
- REVESAMOS OS LIBROS
- EXPERIMENTACIÓN COAS CORES

**PANEL SCRUM DÍA 2**

- VEMOS OS NÓSOS DEBUXOS
- AS CORES EN INGLÉS COA TEACHER AMY
- GRAVAMOS AS CAIXAS PARLANTES CON AMY
- BUSCAMOS OSOS DE COR... "LOOK FOR A BEAR..."
- FAMILIAS DE OSOS: CORES PRIMARIAS E SECUNDARIAS
- PINTAMOS COAS MANS

**PANEL SCRUM DÍA 3**

- RETO DO CÍRCULO CROMÁTICO
- EXPERIMENTO COAS CORES E MENTRES...
- RECANTOS DE CORES
- IDENTIFICAMOS A COR DAS NÓSAS BOTELLAS NAS TABLAS DE COR
- CÍRCULO: QUE FOI O QUE MÁIS CHE GUSTOU? GRAVAMOS

**PANEL SCRUM DÍA 4**

- CUBRIMOS O SOPORTE DO EXPERIMENTO
- GRAVAMOS A SECUENCIA
- XOGAMOS COAS CORES EN INGLÉS
- COLOREAMOS O CÍRCULO CROMÁTICO
- GRAVAMOS A NOSA INSIGNEIA DE EXPERTAS NO CÍRCULO CROMÁTICO

**PANEIS SCRUM**

**EXPERIMENTO: BOTELLAS DE CORES**

ELEMENTOS NECESARIOS

RESULTADO




**EXPERIMENTO: BOTELLAS DE CORES**

ELEMENTOS NECESARIOS

RESULTADO








**SOPORTE EXPERIMENTO**

# MIXING COLORS


SOPORTE MISTURA CORES




VERDE  
GREEN



LARANXA  
ORANGE



VIOLETA  
PURPLE



SOPORTES MISTURAS